



Previa á reunión coa Xerencia, ás 10:00 horas a Xunta de Persoal reuniuse para preparar a posterior xuntanza coa Xerencia.

A esta reunión asistiron representantes de APA, CSIF, UGT e CCOO.

## REUNIÓN DA XERENCIA COA XUNTA DE PERSOAL

Día: 16/02/2017

Hora: 11:30 horas.

### ASISTENTES

Pola Xerencia: xerente e xefa do Servizo de PAS

Pola Xunta de Persoal: Representantes de todos os sindicatos e agrupacións con representación na Xunta de Persoal coa excepción da CIG que comunicou a súa non asistencia con data 15/02/2017

### TEMA A TRATAR

1. Modificación das listaxes de agarda (Resolución de Xerencia do 02/06/2016, pola que se regula o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do PAS da Universidade da Coruña

### Proposta da Xerencia para a redacción do artigo 5

Artigo 5º Supostos de mellora de emprego.

A renuncia a un posto de traballo suporá a retirada da correspondente listaxe de agarda, agás que o traballador/a se acolla a unha mellora de emprego.

Terá a consideración de mellora de emprego:

- a) O acceso a unha vacante na mesma lista.
- b) O acceso a un posto, vacante ou non, de distinta lista, en distinta Administración ou nunha empresa privada.

Nestes supostos, logo de rematar a dita relación laboral, para volver a estar dispoñible de novo na lista de agarda e participar en todos os chamamentos que corresponda, o/a interesado/a deberao comunicar no prazo de 10 días hábiles ao Servizo de PAS, xustificándoo documentalmente.

- c) O acceso a un posto clasificado de nivel ou grupo superior.
- d) O acceso a un posto en distinto campus; é dicir, do da Coruña ao de Ferrol ou viceversa.
- e) O acceso a un posto en distinta quenda de traballo; sempre que medie unha solicitude previa.

En todos estes supostos será requisito para acceder á mellora de emprego un período mínimo de permanencia previa de seis meses no posto de traballo no que se está a desempeñar a interinidade.

**A Xunta de Persoal rexeita por unanimidade dos presentes esta proposta indicando que a eliminación do punto (d) da Resolución de Xerencia do 02/06/2016, pola que se regula o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do PAS da Universidade da Coruña elimina de contido a mellora de emprego.**



### **A proposta da Xunta de Persoal é:**

Artigo 5º Supostos de mellora de emprego.

A renuncia a un posto de traballo suporá a retirada da correspondente listaxe de agarda, agás que o traballador/a se acolla a unha mellora de emprego.

Terá a consideración de mellora de emprego:

- a) O acceso a unha vacante na mesma lista, sempre que non se este ocupando outra vacante, agás por razón de cambio de Campus ou de quenda.
- b) O acceso a un posto, vacante ou non, de distinta lista, en distinta Administración ou nunha empresa privada.

Nestes supostos, logo de rematar a dita relación laboral, para volver a estar dispoñible de novo na lista de agarda e participar en todos os chamamentos que corresponda, o/a interesado/a deberao comunicar no prazo de 10 días hábiles ao Servizo de PAS, xustificándoo documentalmente.

- c) O acceso a un posto clasificado de nivel ou grupo superior.
- d) O acceso a unha interinidade cunha duración prevista de máis de 180 días, sempre que se leve máis de 6 meses no posto actual na UDC.
- e) O acceso a un posto en distinto campus cunha duración prevista superior a 180 días, sempre que na solicitude xa pedise os dous campus.
- f) O acceso a un posto en distinta quenda de traballo, sempre que medie unha solicitude previa.

Os contratos por acumulación de tarefas non terán a consideración de mellora de emprego.

### **A Xerencia estudará a proposta uns días e comunicará á súa postura.**

### **A Xunta de Persoal pregunta por distintos temas.**

#### **Escritos do persoal de bibliotecas.**

Pregúntaselle ao xerente polos escritos recibidos do persoal das bibliotecas e se fará algo.

O xerente informa que o tribunal das probas é soberano e que non pode nin debe interferir no proceso.

#### **Escrito do SIC no ESCI.**

Pregúntaselle polo escrito enviado no que se indican problemas de ruído e vibracións.

O xerente indica que esta recadando información sobre o tema co fin de que se realicen as accións oportunas, de ser o caso.

#### **Convocatoria do Concurso.**

Pregúntaselle polo tema do concurso.

Informa que a próxima semana remitirá proposta á Xunta de Persoal.